

Concello de Vigo

Nº expedientes: IN407A 2025/273-4 e IN407A 2025/274-4.

Denominación: Liña aérea-subterránea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV dobre circuío E/S na subestación Bateas da liña Atios-Pazos de Borbén (expediente IN407A 2025/273-4) e Nova subestación Bateas 220 kV (expediente IN407A 2025/274-4).

Concellos: Vigo, Mos e O Porriño.

Solicitante: Red Eléctrica de España S.A.U.

Enderezo Social: Paseo Conde de los Gaitanes, 177, 28109 Alcobendas (Madrid).

Asunto: Acordo do Departamento Territorial de Pontevedra polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública, en concreto, de instalacións eléctricas nos concellos de Vigo, Mos e O Porriño (expedientes IN407A 2025/273-4 e IN407A 2025/274-4).

Pola presente achégolles o acordo citado no asunto, xunto coa a documentación técnica asociada (proxecto técnico e estudo de impacto ambiental) para os seguintes efectos:

- En cumprimento dos trámites ordenados no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental e para súa máxima difusión, remítolle o acordo mencionado e a documentación técnica para que os manteña, durante o período de información pública (30 días hábiles), expostos no seu taboleiro de anuncios para que poidan ser consultados nese concello polas persoas interesadas. Unha vez rematado, deberá devolver a este departamento territorial unha dilixencia acreditativa da





súa exposición, acompañando, de selo caso, os escritos de alegacións presentados.

A documentación que debe se exposta no taboleiro pode ser descargada no seguinte enlace:

<https://descargas.xunta.es/f18efab6-2d70-45a0-8307-cb4d35358caf1784539495095>

- De acordo co establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, solicítase o seu informe en relación co estudo de impacto ambiental que deberá ser remito a este departamento no prazo de 30 días hábiles.

O estudo de impacto ambiental e demais documentación poden ser descargados no seguinte enlace:

<https://descargas.xunta.es/5d4f9e39-ebb9-4497-8e56-3232876628a31781005113520>

Pontevedra, asinado dixitalmente ao marxe
A xefa da Sección de Enerxía
María Belen Avión Rodeiro

